


**BANDA SINFÓNICA DO CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA**

CONCERTO

AUDITORIO ANDRÉS GAOS

Mércores, 13 de maio de 2026 - 20:00

Director: José Javier Sanz Vila



Juan Enrique Canet Todolí (1961)

- NOVECENTO (Pasodobre sinfónico, 1995)

Xairo Campos Blanco (2003)

- MUIÑEIRA DE MONTERREI (2026)

* Para banda sinfónica e electrónica

* TFE de composición / Estrea

Martin Ellerby (1957)

- PARIS SKETCHES (Homages for Band, 1994 - rev. 2004)

Giacomo Puccini (1858 - 1924) / arr. Johan de Meij (1953)

- EDGAR (Suite sinfónica da ópera, 1889 - arr. 2008)



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA

BANDA SINFÓNICA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

Primeira parte

Juan Enrique Canet Todolí (1961)

- NOVECENTO (Pasodobre sinfónico, 1995)

Xairo Campos Blanco (2003)

- MUIÑEIRA DE MONTERREI (2026)

* Para banda sinfónica e electrónica

* TFE de composición / Estrea

I. Preludio

II. Muiñeira de Lorenz

III. Xota de Markov

IV. Foliada Libre

Segunda parte

Martin Ellerby (1957)

- PARIS SKETCHES (Homages for Band, 1994 - rev. 2004)

1. Saint-Germain-des-Prés


2. Pigalle

3. Père Lachaise

4. Les Halles

Giacomo Puccini (1858 - 1924) / arr. Johan de Meij (1953)

- EDGAR (Suite sinfónica da ópera, 1889 - arr. 2008)



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA

- Notas ao programa -

- **Novecento.** Pasodobre sinfónico do compositor valenciano Juan Enrique Canet Todolí, dedicado ao seu avó Batiste Canet Barreres con motivo do seu centenario. A obra ocupa un lugar destacado na evolución do pasodobre sinfónico valenciano: sen abandonar o esquema formal herdado da tradición, o compositor renova o xénero cunha linguaxe harmónica máis rica, frases melódicas amplas e unha orquestración de carácter sinfónico que explota as posibilidades tímbricas da banda contemporánea.

A súa influencia no repertorio posterior foi notable: a obra converteuse nun referente para os compositores da xeración seguinte que abordaron o xénero desde unha óptica sinfónica, e segue moi presente nas programacións das bandas, como demostra a súa inclusión na Sección de Honra do Certame Internacional de Bandas de Música «Ciutat de València».

- **Paris Sketches.** Segundo as palabras do compositor inglés Martin Ellerby, a obra é unha homenaxe á capital francesa, cidade pola que sente un gran amor, e aos músicos que ao longo da historia viviron, traballaron ou pasaron por ela. Ao longo da obra, as campás serven como nexo de unión entre os catro movementos xa que, segundo Ellerby, se poden escoitar por toda a cidade. Os movementos da obra son os seguintes:

1. Saint-Germain-des-Prés. O barrio latino por excelencia, famoso pola súa vida bohemia e polos artistas que alí viven. Neste movemento, o estilo de Maurice Ravel faise patente na descrición da alba na cidade de París. A cidade amence coa presenza do son das campás.
2. Pigalle. O Soho de París. Neste movemento escoitamos unha música de carácter burlesco, baseada na música para ballet de Stravinsky e Prokofiev. Aquí o son das campás é substituído polas buguinas dos coches e as sereas da policía.
3. Père Lachaise. Un dos cemiterios máis famosos de París, onde están enterradas algunhas das grandes celebridades que viviron na cidade. O estilo das Gymnopédies de Satie serve, neste movemento lento e descritivo, como base do material melódico e harmónico, e nel aparece unha cita do Dies Irae (da misa gregoriana de defuntos). Aquí as campás soan nostáxicas, xentís, tranquilas.
4. Les Halles. Este é un dos mercados máis famosos de París. Igual ca no segundo movemento (Pigalle), aquí asistimos a unha sucesión de episodios contrastantes. No clímax escóitase unha cita do Te Deum de Berlioz, que estreou esta obra na Igrexa de Santo Eustaquio (en francés, Église Saint-Eustache), pertencente ao mesmo distrito ca Les Halles. Neste movemento tamén se poden atopar influencias doutros compositores, como Respighi —cos seus Pini di Roma— e Rossini.

- **Edgar.** Tras o éxito relativo da súa primeira ópera, *Le Villi* (1884), Giacomo Puccini recibiu da editorial Ricordi o encargo dunha segunda obra escénica. O resultado, *Edgar*, sobre libreto de Ferdinando Fontana, estreouse no Teatro alla Scala de Milán o 21 de abril de 1889 e constituíu un dos maiores fracasos da carreira do compositor toscano.

A trama, ambientada en Flandres no século XIV, presenta a Edgar dividido entre o amor puro de Fidelia e a paixón perigosa que lle esperta a exótica Tigrana —argumento que evoca á vez o *Tannhäuser* de Wagner e a *Carmen* de Bizet—. A ópera presentouse ao público en catro actos, pero recibiu unha acollida fría e só se representou tres veces na temporada milanesa. Puccini, sempre insatisfeito, sometería a obra a sucesivas revisións ao longo de máis de quince anos: reduciuna a tres actos en 1891 e deulle a súa forma definitiva en 1905, para a estrea no Teatro de la Ópera de Buenos Aires.

O propio compositor renegaría da obra con notable acritude. Con todo, o material desbotado do cuarto acto reaparecería anos despois nun dos grandes momentos de *Tosca* (o dúo «Amaro sol per te m'era il morire»), e foi precisamente o Requiemo terceiro acto a obra que Toscanini escolleu dirixir nas exequias de Puccini, na catedral de Milán, o 3 de decembro de 1924.

Pese ao xuízo severo do seu autor, a partitura de *Edgar* contén páxinas de notable beleza, nas que xa se albiscan a paleta orquestral colorista, o lirismo amplo e a sensibilidade dramática que o compositor levaría á plenitude en *Manon Lescaut*, *La bohème* ou *Tosca*. Foi o redescubrimento da obra a partir dos anos setenta do século XX —impulsado pola primeira gravación íntegra, de 1977— o que lle devolveu un lugar digno no catálogo pucciniano.

A presente Suite sinfónica é obra do compositor, director e arranxador neerlandés Johan de Meij (1953), figura de proxección internacional especialmente recoñecida no ámbito das bandas de música desde a súa Sinfonía n.º 1 *The Lord of the Rings* (1988). De Meij realizou esta adaptación en 2008 como parte do seu proxecto *The Puccini Legacy*, dedicado a recuperar para o repertorio das agrupacións de vento algunhas das páxinas máis valiosas das primeiras óperas do compositor de Lucca. O arranxo extrae os momentos sinfónicos máis salientables de *Edgar* —preludios, intermedios e secuencias instrumentais— e enlázaos nunha estrutura unitaria que permite apreciar, fóra do contexto da ópera, o talento melódico e a riqueza orquestral dun Puccini xa plenamente formado.

- Notas ao programa -

“O caos era a lei da natureza; a orde era o soño do home”

—Henry Adams

-Muiñeira de Monterrei. No verán de 2025, os lumes arrasaron boa parte da xeografía galega, deixando unha profunda fenda na comarca de Monterrei e os seus arredores. Cando o monte arde, non só se queiman as árbores e a terra; quémase tamén a nosa memoria, a nosa cultura e as nosas vivencias. Muiñeira de Monterrei nace como un relato sonoro desta traxedia, pero tamén como un reflexo de como a paisaxe, as persoas e a tradición se transforman tras a devastación. O que o lume lle fixo ao monte, esta obra faillo á música: toma unha melodía popular do folclore galego e sométea a un proceso de transformación, desfiguración e renacemento, todo estruturado baixo a proporción áurea, un recordatorio constante da perfección e a forza da propia natureza.

A viaxe iníciase co I. Preludio, unha pasaxe lenta e evocadora construída sobre o espectro harmónico do ronco da gaita (unha pedal de dó). A banda e a electrónica fúndense para crear unha textura sonora continua e inesgotable, simbolizando o fluír inalterable do tempo e dos ríos, que permanecen antes e despois da traxedia.

O corazón da obra atópase na II. Muiñeira de Lorenz, cuxo nome fai referencia ás ecuacións que modelan o comportamento do vento. Este movemento é a representación musical do incendio. Comeza co espírito dunha foliada tradicional: un músico arrinca a tocar e, pouco a pouco, os demais vanse sumando de forma natural. Con todo, empurradas polo vento implacable, as novas voces comezan a desfigurarse e a independizarse. A melodía orixinal vese envolta nunha masa sonora cada vez máis caótica e disonante ata chegar a un clímax abafador onde a muiñeira orixinal resulta irrecoñecible, consumida polas chamas do caos.

Tras a desolación, a III. Xota de Markov explora o rastro que deixa o lume. Utilizando cadeas de Markov —un algoritmo de probabilidade—, xérase un tema novo nacido directamente das cinzas da muiñeira orixinal. Este movemento, fundamentado nas propiedades simétricas e naturais da escala octatónica, xira en torno ao poder da elección. A partitura ofrécelles aos músicos múltiples opcións (*ossias*) tanto na melodía como no acompañamento. Así, o que empeza latexando a ritmo de vals pode transformarse nunha xota segundo as decisións tomadas en tempo real polos propios intérpretes. Esta liberdade garante que non haxa dúas interpretacións iguais da obra e convidanos a reflexionar sobre o noso papel e as nosas eleccións na protección da nosa terra.

A obra culmina coa IV. Foliada Libre. Na tradición galega, despois dun concerto folk, a foliada ábrese para que calquera persoa poida unirse á festa. Aquí, é o propio público quen toma o control da música a través dos seus teléfonos móbiles (mediante as instrucións adxuntas). Ao igual que no segundo movemento, a música constrúese por acumulación, pero esta vez é a audiencia quen elixe cales dos dez padróns sonoros dispoñibles debe tocar a banda. Nun último acto de catarse colectiva, é tamén o público quen decide o momento exacto de apagar a música, extinguindo definitivamente o lume e poñéndolle fin á obra.

Instruccións para o público

<http://192.168.0.2:8001>



1. Desconectar datos móbiles.
2. Conectarse á rede *wifi* “Monterrei” coa clave foliada7
3. Escanear QR



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA